

Bases de contratación dun posto de Xefa/e de Área Técnica para a Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A (SOGAMA, S.A), pola quenda de promoción interna

En cumprimento da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de Administración Xeral e do Sector Público de Galicia, e da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Empleo Público de Galicia SOGAMA S.A. acorda a convocatoria das correspondentes probas de selección de persoal, pola quenda de promoción interna, con respecto ós principios consituacionais de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, para a cobertura dos posto vacante de Xefe/a da Área Técnica e de conformidade coas seguintes:

BASES

Primeira.- Normas Xerais

1. Obxectivo do proceso: O proceso selectivo ten por obxecto a cobertura con carácter indefinido dun posto de traballo vacante de Xefa/e de Área Técnica existente en SOGAMA.
2. A titulación esixida para optar ó citado posto será a de Enxeñeiro Superior Industrial, Minas e Químicas.
3. As funcións correspondentes ao posto obxecto da convocatoria serán as seguintes:
 - Xestionar no transporte e transferencia de residuos, optimizando a súa explotación.
 - Xestionar o tratamento de residuos, optimizando a súa explotación.
 - Planificar, dirixir e coordinar as actividades das distintas áreas das instalacións.
 - Planificar as necesidades de recursos técnicos e humanos das instalacións, controlando a súa correcta utilización.
 - Estudiar, deseñar, desenrolar e implantar melloras e modificacións nas instalacións.

- Conservar, manter e vixiar as instalacións, definindo os criterios e programas de actuación.
- Analizar a información de instalacións similares, determinando a súa aplicabilidade e proponendo a súa execución.
- Incorporar á documentación das distintas áreas da súa competencia, elaborando informes globais.
- Controlar as operacións asociadas ós aspectos ambientais.
- Revisar a evolución dos indicadores de calidade e medio ambiente.
- Cumplir en colaboración coa Dirección Técnica coas responsabilidades que se lle asignan nos distintos documentos do SICMA.
- Redacción de pregos técnicos, informes, propostas de adxudicación e calquera outro documento vinculado a un procedemento de contratación dende unha perspectiva técnica.
- Dirixir, planificar, coordinar e supervisar tódolos procesos productivos das instalacións da Sociedade, baixo os criterios de dispoñibilidade, seguridade de persoas e instalacións, eficacia e respecto ó medio ambiente.
- Coordinar e integrar a labor dos departamentos o seu cargo.
- Velar pola seguridade de tódalas persoas e instalacións, executando, de forma inmediata, cantas accións sexan necesarias para tal finalidade, informando de forma inmediata á Dirección da Sociedade de calquera incidencia extraordinaria.
- Velar polo respecto ó medio ambiente, executando, de forma inmediata, cantas accións sexan necesarias para tal finalidade, informando de forma inmediata á Dirección da Sociedade de calquera incidencia extraordinaria.

- Planificar, coordinar e supervisar a prestación de tódolos servizos contratados pola Sociedade para a prestación de transferencia, transporte e tratamento de residuos.
 - Estudiar, deseñar, desenrolar e implantar todo tipo de modificacións de proceso e productivas que permitan optimizar a explotación das instalacións dende os puntos de vista técnico, económico, medio ambiente, calidade e seguridade.
 - Planificar, coordinar e supervisar o deseño, contratación, construción e posta en servizo de novas instalacións.
 - Outorgar, se procede, a súa conformidade a tódalas facturas emitidas polas empresas que prestan servizos da súa competencia á Sociedade.
4. O procedemento de selección realizarase en dúas fases: un concurso de méritos e unha entrevista personal. A Comisión de selección realizará a valoración curricular dos candidatos asignando unha puntuación según o establecido na cláusula [quinta] e realizará a entrevista persoal nas oficinas de SOGAMA que será convocada oportunamente.
5. O nomeamento da/o candidato seleccionado farase pública na sé desta sociedade.
6. A fase de concurso de méritos realizarase transcorrido, como mínimo, **un (1) mes** dende a publicación no Diario Oficial de Galicia (DOGA) desta convocatoria, expoñéndose no taboleiro de anuncios das oficinas de Sogama en Cerceda, así como na súa páxina web www.sogama.es o resultado da mesma.

Segunda.- Requisitos dos candidatos

Tódolos requisitos esixidos nesta base deberán ser posuídos polos aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes de participación no proceso selectivo.

I. Requisitos das persoas candidatas:

- a) Estar contratado ocupando un posto da plantilla de persoal de SOGAMA como persoal laboral fixo.
- b) Estar en posesión da titulación esixida, ou dunha superior, ou estar en condicións de obtela dentro do prazo de presentación de instancias.No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

II. Solicitudes

- a) Os que desexen participar na selección de persoal terán que presentar necesariamente o modelo de solicitude, por duplicado, que se especifica no Anexo I.
- b) A devandita solicitude terá que cubrirse con todos os datos solicitados.
- c) A solicitude acompañarase da seguinte documentación, aportando orixinais ou copias compulsadas:
 - Currículo Vitae.
 - DNI ou pasaporte ou tarxeta de residencia comunitaria
 - Fotocopia do documento xustificativo de estar en posesión da titulación esixida. A experiencia acreditarase cun historial completo emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e máis certificado da empresa ou contratos de traballo.Non será necesario aportar

documentación sobre a experiencia profesional que obre en SOGAM por derivarse da relación laboral existente cos candidatos.

- d) O prazo para a presentación das solicitudes será de **dez (10) días hábiles**, contado a partir do día seguinte ó da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.
- e) As solicitudes para participar na selección de persoal deberán dirixirse á Sociedade Galega do Medio Ambiente e presentarse no rexistro xeral da mesma.
- f) En todo caso, a Comisión de Selección reservará para sí o dereito a esixir que se acredite convenientemente a existencia ou non de calquera requisito de participación dos aspirantes en calquera momento anterior á resolución definitiva da selección de persoal.
- g) A consignación de datos falsos na instancia ou na documentación achegada polos aspirantes sancionarase coa anulación da solicitude, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

O enderezo que figure nas solicitudes considerárase como o único válido para os efectos de notificación, sendo responsabilidade exclusiva dos candidatos tanto o erro na súa consignación, como a comunicación a SOGAMA, S. A. de calquera cambio nel. En todo caso, SOGAMA se reserva o dereito de poder efectuar calquera notificación ós candidatos no seu posto de traballo.

Terceira.- Admisión de aspirantes:

1. Expirado o prazo de presentación de solicitudes, SOGAMA, S. A., trala clasificación e revisión das achegadas, dictará unha resolución declarando con carácter provisional os aspirantes admitidos e excluídos, co motivo da exclusión.

2. Esta resolución publicarase, nos taboleiros de anuncios de SOGAMA, Sociedade Galega do Medio Ambiente, S. A., en Cerceda e na páxina web da mesma (www.sogama.es).
3. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de **dez (10) días hábiles**, contados a partir do día seguinte ó da publicación da resolución indicada no parágrafo anterior, para que poidan corrixir, se é o caso, o defecto que motivou a súa exclusión. Para tal efecto, a estimación ou desestimación destas peticións de enmendas entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas.
4. Co fin de garantir unha maior celeridade no seu desenvolvemento, todas as reclamacións e alegacións que formularen as persoas aspirantes unha vez iniciado o proceso selectivo, só poderán ser presentadas no Rexistro de SOGAMA,S.A.

Cuarta.- Comisión de Selección

1. A Comisión da selección estará constituída polos seguintes membros, con voz e voto:

Presidente: O Presidente Executivo de SOGAMA, S.A.

Secretario: Secretario Xeral de SOGAMA, S.A.

Primeiro Vocal: Director Xeral de SOGAMA, S.A.

Segundo Vocal: Xefa do Área económica de SOGAMA, S.A..

Para a válida constitución da Comisión de Selección, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos, se requirirá a presenza do Presidente e o Secretario ou no seu caso, as persoas que os substitúan e da metade al menos dos seus membros. Os acordos adoptaranse pola maioría de votos.

A Comisión de Selección estará facultada para interpretar as bases da convocatoria, resolver as dúbidas que se presentaren, enmendar as lagoas e

tomar o acordos necesarios para a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto nestas bases.

2. Os membros da Comisión deberán absterse de intervir no procedemento cando concorran neles algunha das causas previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
3. Os interesados poderán promover a recusación dos membros da comisión de selección de conformidade co disposto no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
4. A Comisión de Selección terá a súa sé, para os efectos de comunicación e incidencias en SOGAMA, Sociedade Galega do Medio Ambiente, S. A., sita en Morzós, 10, baixo, 15.187 Cerceda (A Coruña).
5. A Comisión de Selección poderá dispoñer-la incorporación ós seus traballos dos asesores especialistas ou de apoio que estime oportunos. Os ditos asesores limitaranse a presta-la súa colaboración nas especialidades técnicas, con voz e sen voto.

Quinta.- Procedemento de selección: Concurso de Méritos e Entrevista

A selección dos candidatos que cumpran os requisitos mínimos esixidos nesta convocatoria serán seleccionados polo sistema de concurso de méritos e entrevista.

O citado proceso consistirá nun concurso de méritos e unha entrevista persoal. A puntuación final de proceso de selección obturase pola suma dos puntos obtidos, na fase de concurso de méritos (max 90 puntos) e na entrevista persoal (max 10 puntos).

En calquera momento do proceso selectivo, se a Comisión de Selección tivera coñecemento de que algún dos aspirantes non cumpre un ou varios dos requisitos esixidos por esta convocatoria, logo da audiencia do interesado, debe propoñer-la súa exclusión á autoridade convocante. Do mesmo xeito, a

Comisión de Selección deberá dar conta das inexactitudes ou falsedades nas que puidesen incurrirlos aspirantes, para os efectos procedentes.

a) Fase de concurso:

A fase de concurso terá unha puntuación máxima de 90 puntos. Os méritos de cada candidata ou candidato a ter en conta na fase de concurso son:

1. Experiencia profesional acreditada, ata un máximo de 70 puntos.

A experiencia profesional dos candidatos/as será valorada do seguinte xeito:

- Experiencia na dirección, explotación, mantemento e control de calidade de instalacións de gestión de residuos será valorada a razón de 5 puntos por ano, ata un máximo de 40 puntos.
- Experiencia na resolución de emerxencias medioambientais, será valorada a razón de 5 puntos por actuación acreditada en emerxencia, ata un máximo de 15 puntos.
- Experiencia en xestión e control de recursos humanos e técnicos en instalacións vinculadas coa xestión de residuos, será valorada a razón de 3 puntos por ano, ata un máximo de 15 puntos.

Non se terá en conta nin se valorará aquela experiencia profesional que non se axuste ao disposto neste apartado.

2. Méritos, ata un máximo de 20 puntos.

Os méritos das persoas candidatas serán valoradas do seguinte xeito:

- A realización de masters ou cursos de postgrado ou doctorado, será valorada a razón de 6 puntos por cada master ou curso, ata un máximo de 12 puntos.

- A realización de tarefas docentes en centros públicos ou privados acreditados, será valorado a razón de un punto por cada intervención ata un máximo de 4 puntos.
- A realización de cursos impartidos por organismos públicos ou empresas de prestixio recoñecido en relación co posto da convocatoria:
 - Cursos de 40 horas ou máis: 1 puntos/curso, ata un máximo de 2 puntos.
 - Cursos de menos de 40 horas e mais de 20 horas: 0,5 puntos/cursos, ata un máximo de 2 puntos.

Todos os méritos acreditaráanse coa certificación da entidade correspondente.

A Comisión de selección poderá requerir, de oficio, dos aspirantes ou de calquera Administración Pública, a documentación complementaria ou as aclaracións precisas coa finalidade de asegurar a máxima obxectividade na adxudicación da puntuación nesta fase de concurso.

Realizada pola Comisión de Selección a baremación correspondente, publicarase nos taboleiros de SOGAMA, Sociedade Galega do Medio Ambiente, S. A. e na páxina web da mesma (www.sogama.es), o anuncio da súa exposición, con indicación da puntuación obtida por cada aspirante no epígrafe de experiencia e méritos, así como a valoración total da fase de concurso. Contra a baremación os aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación perante a propia Comisión de Selección no prazo de **dez (10) días hábiles** contados a partir do seguinte ó da súa publicación nos lugares indicados ó principio deste parágrafo.

b) Fase de entrevista

A nota final da fase de entrevista será puntuada cun máximo 10 puntos, e non terá carácter eliminatorio.

Esta fase consistirá nunha entrevista, de media hora de duración, que versará sobre a experiencia acreditada del candidato, experiencias profesionais críticas resoltas e as habilidades do mesmo en relación coas funcións do posto de traballo relacionadas na base primeira.

Sexta.- Selección da/o candidata/o

1. A Comisión publicará nos lugares sinalados o acordo que conteña a relación de aspirantes, pola orde de puntuación acadada, indicando a puntuación obtida en cada unha das fases e a puntuación total, que será a suma de todas as fases.
2. O sistema de desempate efectuarase en primeiro lugar de conformidade co establecido no artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, sempre que concurra o suposto previsto neste artigo.
3. En segundo lugar decidirase a prol dos aspirantes que tiveran maior puntuación na fase de concurso. De persistir aínda o empate, dirimirase a prol do aspirante con maior puntuación no epígrafe de experiencia profesional e, de ser necesario, no de méritos. A continuación, decidirá a maior puntuación obtida na fase de entrevista persoal.
4. En ningún caso a Comisión de Selección poderá declarar que superaron a selección de persoal un número de aspirantes superior ó posto de traballo convocado.
5. SOGAMA, S.A. procederá á contratación laboral da persoa seleccionada no posto convocado. Poderase declarar deserto o posto de traballo convocado cando non se atope a persoa axeitada para ocupalo.
6. A persoa seleccionada deberá superar un período de proba de seis (6) meses no posto de xefe/a da área técnica. Durante ese período o traballador que supere a promoción ostentará a categoría de xefe/a da área técnica,

exercendo as funcións propias dese posto e percibindo o salario correspondente a dito posto. No caso de non superar satisfactoriamente o período de proba, o traballador volverá a desempeñar os traballos propios do seu posto anterior, percibindo o salario correspondente o mesmo.

ANEXO I

**SOLICITUDE DE ADMISIÓN PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO
PARA A COBERTURA DO POSTO VACANTE DE XEFE/A DA ÁREA TÉCNICA
VACANTE NO CADRO DE PERSOAL DA SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO
AMBIENTE, S.A.**

**SOLICITUDE DE ADMISIÓN PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO
PARA CUBRIR O POSTO VACANTE DA XEFATURA DA AREA TECNICA DA
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A. MEDIANTE PROMOCIÓN
INTERNA**

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
------------------	-----------------

NOME	D.N.I
------	-------

ENDEREZO	LOCALIDADE
----------	------------

PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
-----------	---------------	----------

DATA DE NACEMENTO	LOCALIDADE	PROVINCIA	NACIONALIDADE
-------------------	------------	-----------	---------------

PRAZA CONVOCADA	(DOG nº _____ do ____ de _____ de 2017)
XEFE ÁREA TÉCNICA.	

DECLARACIÓN XURADA

O abaixo asinante solicita ser admitido/a no proceso selectivo a que se refire esta instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, que reúne as condicións esixidas na convocatoria anteriormente citada, e comprométese a probar documentalmente todo-los datos que figuran nesta solicitude, así como que coñece as bases que rexerán a selección e que as asume e acepta na súa integridade.

Asemade, o abaixo asinante declara baixo xuramento non estar separado do servizo de ninguna Administración pública en virtude de expediente disciplinario, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

PROTECCIÓN DE DATOS

SOGAMA integrará os datos de carácter persoal facilitados en ficheiros que foron notificados á Axencia de Protección de Datos, habendo sido inscritos. Os ficheiros son titularidade de SOGAMA para facer as xestións oportunas dentro deste proceso selectivo. Os usuarios poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación ou cancelación dirixíndose a SOGAMA, Morzós, 15.187, Cerceda, A Coruña.

En _____, _____ de _____ de 2017

Asdo.-_____

SR. DIRECTOR XERAL DA SOCIEDAD GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A.